



XVII CARREIRA POPULAR DE SANTA UXIA 2014 **CONCELLO DE RIVEIRA** **CAMPIONATO GALEGO 10 KILÓMETROS RUTA** **28 DE SETEMBRO DE 2014**

O Concello de Riveira a través da súa Concellería de Deportes organiza o **domingo 28 de SETEMBRO DE 2014**, a partir das 11:00 horas, a **XVII edición da Carreira Popular de Santa Uxía e Campionato Galego de 10 kilómetros en ruta** e formará parte do **Circuíto Provincial de Carreiras Populares da Deputación da Coruña**.

A proba absoluta disputarase sobre unha distancia de **10 km homologados pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA)**. As probas levaranse a cabo na localidade de Riveira e estarán baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago)**. As probas estarán suxeitas o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta.

2. CATEGORIAS DE PARTICIPACION

Para a **XVII Carreira Popular de Santa Uxía** as categorías de competición serán as seguintes:

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO
PITUFO	Atletas nados no 2010 e posteriores*
PREBENXAMÍN	Atletas nados no 2007 e 2008,2009*
BENXAMIN	atletas nados no 2005, 2006
ALEVIN	atletas nados no 2003 e 2004
INFANTIL	atletas nados no 2001 e 2002
CADETE	atletas nados no 1999 e 2000
XUVENIL	atletas nados no 1997 e 1998
ABSOLUTA	Atletas nados no ano 1996 ata veteran
VETERANOS 1	De 35 a 40 anos cumpridos ata o día da proba
VETERANOS 2	De 41 a 49 anos cumpridos ata o día da proba
VETERANOS 3	De 50 a 59 anos cumpridos ata o día da proba
VETERANOS 4	A partir de 60 anos cumpridos ata o día da proba

*** As categorías Pitufo e Prebenxamín non son categorías federadas**

O regulamento do Circuito de Carreiras da Deputación da Coruña poderán consultalo no seguinte enlace web: http://www.atletismogalego.com/fga/pop_carrera.asp?id=5132

Para o Campionato Galego de 10 km en ruta tomaranse como referencia as categorías contempladas nos regulamentos da FGA e RFEA para probas en ruta que se publicarán de xeito previo á proba na circular do campionato na web www.atletismogalego.org.

3. DISTANCIAS E HORARIOS

O percorrido da proba absoluta estará homologado pola Real Federación Española de Atletismo e as marcas entrarán a formar parte do ranking galego e nacional da distancia de **10 km en ruta**. **A SAÍDA DAS PROBAS ESTARÁ UBICADA NA ZONA DO MALECON DE RIVEIRA (Paseo marítimo).**

Na proba absoluta haberá caixóns de saída dependendo das marcas realizadas na distancia (só en circuitos homologados de 10 km) que deberán marcar no momento da inscrición.

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
11:00 h	Absoluta e Veteranos	10 km homologados pola RFEA
12:00 h	Infantil, cadete e xuvenil	3000 m aprox
12:20 h	Benxamín e alevín	1500 m aprox
12:30 h	Prebenxamín	500 m aprox
12:35 h	Pitufo	300 m aprox
13:00 h	<u>ENTREGA DE PREMIOS</u> (AUDITORIO MUNICIPAL)	

4. A ***XVII Carreira Popular de Santa Uxía*** estará integrada dentro do ***VII Circuito de Carreiras Populares Concello de Riveira- A POUTADA*** e contará coa colaboración de FROIZ, GADIS, COCA-COLA, ADIDAS, A.C.D. "As Miñoteiras", Club Sta Uxía Atletismo, Centro Recreativo de Artes, Asociación de Veciños de Carreira, Arousa Natureza e Ocio, e Asociación Veciñal A Redonda Vella. **PROTECCIÓN CIVIL E POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA.**

5. INSCRICIONS

Os participantes na ***XVII Carreira Popular de Santa Uxía*** poderán realizar a súa inscrición na web www.riveira.es e www.emesports.es, a partir do día 25 de agosto, con data límite o xoves 25 de setembro ás 22 horas.

PREZOS DA INSCRICION

- **CATEGORIAS ESCOLARES (ata xuvenil incluído):** GRATUITA
- **PROBA ABSOLUTA (Absoluta e veteranos):** 6,00 €
- **FEDERADOS** GRATUITA

*** Os federados que queiran optar os premios da Carreira Popular terán que aboar: 6,00 €.

6. PREMIOS

Na ***XVII Carreira Popular de Santa Uxía*** outorgaranse os seguintes premios:

Premios en metálico para os tres primeiros atletas masculinos e femininos que cheguen a meta, 1080 euros repartidos do seguinte xeito:

1º clasificado/a	300,00 euros
2º clasificado/a	150,00 euros
3º clasificado/a	90,00 euros

- Trofeos os tres primeiros corredores/as que chegue a meta.
- Trofeos ós tres primeiros clasificados de cada categoría establecida no regulamento da proba, agás nas categorías pitufo e prebenxamín que non haberá nin premiación nin se farán clasificacións das carreiras.
- Trofeo ás/ós 3 primeiras/os clasificadas/os locais da carreira.
- Medallas para todos os participantes das categorías pitufo e prebenxamín.
- Trofeos e 200 € en material deportivo o clube federado que aporte máis participantes á proba (deberán indicar na inscrición o club polo que participa o atleta).
- Trofeos e 200 € en material deportivo o centro escolar que máis participantes aporte á proba (deberán indicar na inscrición o centro escolar polo que participa o atleta).

HABERÁ DUAS ENTREGAS DE PREMIOS:

1º) PREMIOS CARREIRA POPULAR

2º) CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES

UNHA VEZ REMATADA A ENTREGA DE TROFEOS DESTA PROBA, PROCEDERASE A DAR OS PREMIOS E TROFEOS DO "VII CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES CONCELLO DE RIVEIRA".

7. RETIRADA DE DORSAIS e CHIPS.

Realizarase o día da proba no **AUDITORIO MUNICIPAL**, ó carón do Centro de Saúde ata media hora antes do inicio de cada proba. **O dorsal outorgado deberá levarse en toda a súa extensión, colocado na parte anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado.**

CONTROL CON CHIP: A proba de adultos estará controlada a través dun **CHIP** que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal e que deberá colocarse na zapatilla antes da saída da súa proba. **TODOS OS CORREDORES TEÑEN A OBRIGA DE DEVOLVER O CHIP O FINALIZAR A SÚA PROBA.**

8. DESCALIFICACIONES

Todo corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos **RFEA** e **FGA** en vigor referentes a probas en ruta, será descalificado a criterio do Xuíz Árbitro da competición. **TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUIZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN** con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

O longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos estando autorizados para descalificar a calquera participante que incumpra as ditas normas de competición ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba.

9. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGLAMENTARIAS

A participación de atletas extranxeiros regularase segundo o artigo 3.4. do Regulamento para as competicións de Campo a Través, Marcha, Carreiras en estrada e reunións de pista cuberta e aire libre para competicións autonómicas.

Dito artigo pódese consultar no seguinte enlace:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento_competiciones.pdf

10. Habará servizo de duchas a disposición dos atletas no Complexo Municipal a Fieiteira.
11. Habará servizo de gardarroupa.
12. Habará servizo de ambulancia, médico e seguro deportivo (licencia de día) para os participantes.
13. Habará sinalización dos puntos quilométricos.
14. Habará avituallamento intermedio (auga) e final (auga, bebida isotónica, froita e roscón).
15. Os participantes na proba absoluta entregaráselle unha bolsa do corredor (camiseta técnica, barra enerxética).
16. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

COLABORAN NA ORGANIZACIÓN DO PROBA

Organizadores Carreira do Corgo (Arousa Natureza e ocio)

Organizadores Carreira Virxe da Guía (Asociación Veciños de Carreira).

Organizadores Carreira de Castiñeiras (Club Atletismo Sta Uxía).

Organizadores Carreira do Demo (Centro Recreativo de Artes).

MAIS INFORMACION

www.riveira.es

www.atletismogalego.org

www.fgatletismo.es/santiago

Concello de Riveira (Concellería de Deportes)

Complexo Deportivo A Fieiteira

Telf: 981 87 36 46

email: deportes@riveira.com